

Nun intre feliz

A man dunha amiga colócame o vaso diante. O vaso é branco, a palla é branca. Disque decontado mirarei unha luz que me cegará e que será branca. A morte ten a faciana pálida, logo. Achego a boca á palla para atrapala entre os beizos e empezo a chuchar. O líquido sabe amargo. A morte é branca e amarga.

Agora que fito a fin do tempo reparo en que a vida é unha longuíssima procesión de vagalumes que camiñan uns detrás doutros, na ringleira máis recta que nunca se conseguíu. Así, abeira os seus intres de luz branca e os seus intres de líquido escuro e amargo.

A miña ringleira vai rematando, polo que decido atender unicamente ás luces. E miro para atrás, para o principio. Albíscome coma neno, chuchando por unha palla.



Este líquido é doce. Estou nun intre de luz, bebendo un refresco nun bar que domina a praia. Miro alén. Entro na mar. A mamá terma de min polas dúas mans e sorri

mirando o meu camiñar de King Kong. Un instante luminoso. Máis atrás na ringleira estou chuchando un líquido. Tamén na praia, tamén é doce. Dou grolos dun biberón.

Son quen aínda de mirar case que nos primeiros vagalumes. Bocexo no ventre da mamá e trago, involuntariamente, un líquido amargo. Descoñezo que se chama líquido

amniótico e que estou no interior da mamá. Éme difícil mirar máis atrás na ringleira, pero, situando a ollada no comezo, sinto un berro lonxano. Os meus pais aparécenseme nun intre de luz branco que me cega. E pecho os ollos. Para sempre.

Jaureguizar